

A Transición. Contidos básicos.

Na Historia de España, chamamos Transición ao período durante o cal se substitúe a ditadura por un réxime democrático. Abarca dende a morte do ditador Franco (20 de novembro de 1975) ata a consolidación da democracia, que podemos situar en 1982, co acceso ao goberno da oposición socialista.

Entre as **características máis destacables do proceso** figuran as seguintes:

- A iniciativa partiu das principais figuras do réxime tras a morte de Franco: o rei Xoán Carlos I e o presidente do Goberno, Adolfo Suárez.
- Realizarían o proceso a partir das institucións franquistas, sen ruptura da legalidade vixente. O réxime seguía tendo todo o control do aparato do Estado.
- Este proceso contou coa colaboración das forzas da oposición (PSOE e PCE), nun entendemento que buscaba a **reconciliación nacional e a democracia** por riba das posturas maximalistas dos partidos.
- O proceso foi, en xeral, pacífico, pois o recordo da Guerra Civil estaba aínda vivo, e todas as partes querían evitar repetir un enfrontamento.
- Aínda así houbo varios atentados terroristas e algunhas accións represivas por parte do Estado remataron en mortes. Na rúa a reivindicación e os movementos sociais estiveron moi activos.

Protagonistas principais.

Juan Carlos I: Sucesor de Franco a título de Rei. Herdou todos os poderes do ditador, que conservou ata o establecemento da democracia.

Adolfo Suárez: Presidente do Goberno nomeado polo rei para dirixir a transición cara a democracia. Fundou o partido UCD (Unión de Centro Democrático), que gañou as dúas primeiras eleccións. Presidente ata 1981.

Felipe González: Secretario Xeral do PSOE, que lidera o partido ata os anos noventa. Será o líder da esquerda máis votado, acadando a vitoria electoral en 1982. Será presidente do Goberno ata 1996.

Santiago Carrillo: líder do PCE (Partido Comunista), a súa participación no proceso permitiu unha auténtica chegada da democracia e a colaboración da oposición interna.

Manuel Fraga: exministro de Franco, fundou o partido de dereita AP (Alianza Popular). Nos anos 80 este partido integrará a parte da UCD e se refundará coma o PP (Partido Popular).

O Búnker: Termo co que se designa aos membros máis radicais do franquismo, que se opoñían ao desmantelamento do réxime ditatorial.

Fitos principais do proceso:

1975: Morte de Franco (20/11/1975). Xoán Carlos I, Rei. O presidente Arias Navarro, inmovilista.

1976: o Rei forza a dimisión de Arias Navarro e nomea a Adolfo Suárez presidente. **Lei para a Reforma Política** (a tedes no vocabulario), aprobada en referendo en decembro.

1977: restablecese a soberanía nacional, liberdades e partidos políticos. Eleccións a Cortes Constituíntes.

1978: elabórase a **Constitución, aprobada en referendo o 6 de decembro de 1978.**

1981: dimite Suárez. Na investidura do Calvo Sotelo, ten lugar o **golpe de Estado (23 F)**, que fracasa.

1982: o PSOE de Felipe González vence cunha gran maioría absoluta nas eleccións xerais.